



Forma, espazo, cor: taller de iniciación ó interiorismo

O benestar empeza desde dentro, en lugares nos que pasamos a maior parte do noso tempo: a cociña, a oficina, a escola. Este curso proporciona ferramentas para a optimización deses espazos interiores cun enfoque práctico, expresivo e plástico. Análizanse os elementos de composición (cores, texturas, materiais, iluminación) e as técnicas de acondicionamento.

Contidos

Elementos de composición. Estrutura e materiais. Cores e luces. Os planos de traballo (teitos, chans e paredes). Zonificación do espazo. Técnicas de acondicionamento. Historia e tendencias de mobiliario. Esbozo e proxecto. Distribución espacial.

Obxectivos

Ofrecer ferramentas básicas de optimización espacial que adapten a forma á función proporcionando unha visión global dos elementos que constitúen un interior comfortable.

Metodoloxía

A través dunha exposición teórica e visual, expóñense accións conscientes e intencionais cunha filosofía aberta e integradora, que se basea na participación activa e contempla un desenvolvemento parcial de traballo en equipo, en sesións que perseguen a adquisición de coñecementos a través da práctica e a interacción.

Calendario

O programa desenvólvese en tres unidades, en horario de mañá de 9.30 a 11.30 h, os xoves 15, 22 de febreiro e 1 de marzo na Biblioteca municipal de Soutomaíor.